

O espello e o dragón

O *espello e o dragón* é a primeira obra de Xavier Queipo (Santiago de Compostela, 1957) pensada para o público infantil, o autor, xa experimentado no resto dos públicos, encárgase agora de transportar aos lectores e lectoras ata o Himalaia, pois é alí, nun país imaxinario do cordal asiático onde transcurren os feitos que acontecen aos protagonistas.

O país en cuestión trátase dun lugar moi pequeno, tan pequeno que conta cunha montaña e nada máis, e os seus habitantes viven atemorizados pola presenza dun león que vive na cova da montaña. O rei Tenduc pensando que xalle chega o intre de deixar nomeado sucesor propónlles aos seus fillos vencer ao dragón. O vencedor, como non podería ser doutro xeito, acadará o sempre desexado trono. Mais o menor dos fillos, Liluc, un rapaz feble e amante dos libros, non desexa reinar aínda que paradoxalmente será el co seu enxeño o que remate gañando ao dragón.

A historia non dista en absoluto de moitas das historias infantís ás que estamos afeitos mais non por iso perde interese e encanto. A combinación de seres fantásticos, aventuras, ocorrencia

e personaxes queridos polos lectores á beira dunha prosa dinámica apropiada para a idade, cos capítulos ben estruturados e coas partes ben delimitadas fan deste libro un instrumento capaz de facer gozar dun bo momento a cal-

Polas terras do Himalaia



PAULA FERNÁNDEZ



quera rapaz interesado minimamente na lectura.

Mais, se cadra, o máis salientable sexa o espazo, as terras do Himalaia e os pobos que este alberga. Os costumes, tradicións e xentes que os lectores coñecen a carón dos personaxes, abren a perspectiva de quen le, amósanlle novas terras, culturas, diferentes xeitos de vida e, quizais o máis importante, outras maneiras de concibir a vida que distan moito das maneiras ás que están afeitos os nosos nenos e nenas.

O libro complétase coas ilustracións de Maite Ramos, estas, coma acontecía tamén coa historia, son de corte tradicional mais adáptanse perfectamente á historia e contribúen a facer aínda máis ameno e divertido o relato.

Trátase entón dunha obra que segue as pautas da literatura infantil universal, tanto en estruturas coma en contidos, mais é tamén unha obra aproveitábel ao tempo polos mestres para fomentar os hábitos lectores dos rapaces e tamén válida para suxerila á hora de tratar os contidos transversais de primaria, sobre todo no que atingue ao respecto e á tolerancia.

QUEIPO, Xavier, O espello e o dragón (ilustr. Maite Ramos), Ed. Xerais, Vigo, 2005, 59 páxinas